



20¹⁹₁₈

**O CATEQUISTA
ACOMPANÑANTE
no camiño da fe**

Queridas familias:

Atopámonos a piques de comezar un ano máis a catequese. Espero que estes meses de vacacións e descanso servisen para estar máis perto dos vosos fillos e fillas.

Como catequista deles diríxovos esta carta. Preguntarédesvos por que? Esta é unha boa ocasión para descubrir a importancia da familia na educación cristiá.

Jedes un fillo/a na catequese. Seguro que pensades no punto final: a celebración do sacramento. Iso está ben, pero agora imos centrarnos na etapa presente: o proceso de catequese que están percorrendo.

Neste tempo van vivir a experiencia de comunidade cristiá e do fundamental da vida e mensaxe de Xesús. Comprenderedes que por moito que fagamos os catequistas nunha hora sempre será pouco comparándoa coas 168 horas da semana.

Os vosos fillos necesitan vivir a experiencia de sentirse acompañados, de feito xa están vivindo esa experiencia dende o seu nacemento de múltiples maneiras: familia, amigos, mestres, etc.

A catequese é un camiño, un itinerario. Neste camiño da fe tamén precisamos que alguén nos acompañe. A Igrexa sempre se sentiu, desde as súas orixes e segundo o desexo de Xesús, compañeira e acompañante.

Nós, catequistas, tamén entendemos a nosa tarefa como acompañantes deles no seu camiño da fe que vós un día decidistes para eles no sacramento do bautismo.

Neste camiño axudarémoslles a coñecer, celebrar, vivir, orar e testificar a Xesús. Por eso, esta tarefa precisa de comunidades/parroquias vivas e acolledoras e de catequistas que acompañen nas búsquedas persoais.

Do mesmo xeito comprenderedes que os catequistas insistamos na importancia da vosa implicación e na mutua colaboración nas tarefas da catequese. O voso fogar é o lugar principal onde tocar e palpar a realización práctica da fe en Xesús na vida diaria e nos pequenos detalles: a preocupación polos demais, o cariño, o posto de Deus na vida familiar (oración, misa do domingo, maneira de comprender a realidade), o compromiso nas pequenas cousas que a catequese esixe.

Gracias por permitirnos ser parte da vida do voso fillo/a.

Anímanos a fe en Xesús e o desexo de que o descubran como o gran acompañante.

Como catequista dos vosos fillos, recibide un agarimoso saúdo.



¡Bo Camiño!